

Bretemas

Notas do traballo de edición

Blog de Manuel Bragado Rodríguez. Vigo. Galicia

Onte 890: A cultura galega, a nosa angueira

21 Febreiro, 2014 en [Age](#), [Autores](#), [Cultura](#), [Editores](#), [Goberno Feijoo](#), [Libro](#), [Literatura infantil e xuvenil](#), [Onte](#) con [0 Comentarios](#)

Tras un enriquecedor e sosegado proceso de análise e reflexión, a AELG, [AGE](#) e GALIX publicamos onte o texto [A cultura galega, a nosa angueira](#) co que expresamos o compromiso de tres das asociacións profesionais do sector do libro e da lectura en Galicia coa industria cultural de noso. Ás portas da celebración do [Día de Rosalía](#), inxustamente excluído do Calendario do libro e da lectura 2014 da Consellaría de Cultura e Educación, e coincidindo co inicio das actividades do Ano Díaz Castro, con este texto as tres asociacións queremos contribuír a promover o entusiasmo e a corresponsabilidade da sociedade lectora galega ao tempo que reclamar o ineludible compromiso dos poderes públicos co fomento e difusión da nosa cultura e coa normalización da lingua galega.

Comparte este artigo: